

Ola familias,

Hoxe, **venres día 15 de maio publicouse no DOG a Resolución do 27 de abril** pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o **curso 2020/21**. Podedes consultar tanto a resolución coma os formularios de solicitude e renovación de praza na páxina do Consorcio:

<https://www.igualdadebenestar.org/anuncios/anuncio.php?id=947&lg=gal>

Como veredes no artigo 10 da dita Resolución, o prazo para a presentación das solicitudes é de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, é dicir que rematará o 29 de maio. Atendendo ás especiais circunstancias provocadas polo COVID-19 establécense as seguintes alternativas para a súa presentación:

1. As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica**: Na páxina da sede electrónica da Xunta de Galicia. A partir de mañá, sábado 16 de maio, xa estará habilitada esta opción para a súa tramitación en liña:

Para solicitar praza de **novo ingreso** (alumnado novo) precisades tramitar o modelo BS404A

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS404A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>

Para solicitar **renovación de praza** (antigo alumnado) precisades tramitar o modelo BS404B

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS404B&ano=2020&numpub=1&lang=gl>



*Se non vos funcionasen os enlaces de arriba, indicade no buscador da páxina da sede o código BS404A para novos ingresos ou BS404B para renovacións

Cando teñades o formulario seleccionado, veredes unha pestana central que pon "PRESENTACIÓN". É a que debedes seleccionar.

Se precisades axuda, podedes buscar un pouco máis abaixo da páxina e atoparedes orientacións específicas co paso a paso para a súa presentación.

Lembrade que tamén podedes chamar á escola infantil (981.688.909 ou 673.120.352) ou aos servizos centrais do Consorcio (646.44.30.56 / 881.996.479 / 881.996.480 / 881.996.474 / 881.996.473 / 881.996.483), que vos axudarán na presentación da mesma a través da sede da Xunta.

Tede en conta tamén que precisaredes un certificado electrónico ou a Chave365 activa para facer esta tramitación.



2. Outra opción, é descargar os formularios (BS404A, para novo ingreso ou BS404B, para renovación de praza) dispoñible tanto na sede electrónica da Xunta que comentamos no apartado anterior, como nas páxinas web do consorcio (<https://www.igualdadebenestar.org/anuncios/anuncio.php?id=947&lg=gal>) e de escolasinfantisdegalicia (<https://www.escolasinfantisdegalicia.es/index.php/resolucion-da-xerencia-do-consorcio-pola-que-se-convoca-o-procedemento-de-adjudicacion-de-prazas-nas-escolas-infantis-0-3-para-o-curso-2020-21/>), para presentalo presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Para todos aqueles casos nos que non sexa posible a presentación telemática, a partires do luns 18 de maio estará dispoñible persoal na escola infantil para a atención telefónica (981.688.909 ou 673.120.352) ou vía email (escolainfantil.oros@igualdadebenestar.org), tanto para aclarar calquera dúbida, axudarles na cobertura dos anexos a presentar, xunto coa documentación xustificativa, como para concretar unha hora de atención na escola a partir do martes 19 sempre con cita previa. Co ánimo de minimizar as visitas e tempos de contacto é importante que se teñan resoltas tódalas dúbidas sobre documentación, procedemento,.. así que non vos cortedes en contactar telefónicamente ou por email canto precisedes. Cando toda a documentación esté lista para a súa entrega, acudirá á escola soamente **unha persoa por familia e no encontro atenderáanse tódalas medidas de hixiene preventiva recomendadas: ter unha adecuada hixiene de mans e útiles: recoméndase vir con luvas, mascarilla e un bolígrafo, por se fixese falta; haberá que facer uso do xel hidroalcohólico que se porá na entrada da escola; gardar unha distancia mínima de 2 metros con calquera outra persoa coa que se coincida. Haberá carteis informativos na entrada da escola a modo de recordatorio. Por favor, atendede ás súas indicacións. Grazas**